



DECRETO.- En Pol a 11 de marzo de 2019

Advertido un erro no Decreto número 2019-0070, o mesmo queda redactado como segue:

Visto que se expirou o prazo de presentación de solicitudes para a selección de un Enxeñeiro, Enxeñeiro Técnico Agrícola/Obras Públicas/Forestal, Enxeñeiro de Camiños, Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Agrónomo, Enxeñeiro Forestal ou similares, como persoal laboral temporal no Concello de Pol ao abeiro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2018 – Programa Fomento do Emprego, mediante o sistema de concurso-oposición e entrevista persoal.

Vistas as bases da convocatoria aprobadas xunto coa convocatoria en resolución de Alcaldía de data 6 de febreiro de 2019.

De conformidade coas bases da convocatoria, xunto coa convocatoria aprobada por resolución de Alcaldía de data 6 de febreiro de 2019, e de conformidade co artigo 20 do Regulamento xeral de ingreso de persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, e o artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar a seguinte relación provisional e definitiva de aspirantes admitidos e excluídos:

RELACIÓN DE ASPIRANTES ADMITIDOS:

— Cabana Fernández, Antonio Luis

EXCLUÍDOS:

— Ningún.

SEGUNDO. Ordenar a publicación da presente Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web do Concello.

Ordenao e asíno o Sr. Alcalde don Lino Rodríguez Ónega, do que, como Secretario, don Froilán Pallín Seco, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE